

1 REGULAMENTO INTERNO de ABRENTE (Esquerda Democrática Galega)
2

3 CAPITULO I: PREÁMBULO
4

5 1.- Co presente documento defínense as bases estatutarias do colectivo ABRENTE (esquerda
6 democrática galega) para regular o seu funcionamento interno
7

8 2.- ABRENTE nace para traballar como organización nacionalista no campo da esquerda
9 democrática galega e actuar como colectivo organizado e recoñecido oficialmente dentro do BNG e
10 asume os seus principios ideolóxicos programáticos e orgánicos.
11

12 3.- O ideario propio de ABRENTE recóllese nos seus documentos de principios políticos.
13

14 CAPITULO II: CRITERIOS ORGANIZATIVOS
15

16 1.- ABRENTE basea o seu funcionamento en criterios democráticos e participativos dentro dunha
17 estrutura operativa e colaborativa.
18

19 2.- Principios organizativos de ABRENTE:
20

21 a) actuación no marco do BNG como colectivo formalmente recoñecido
22

23 b) adscrición voluntaria e individual, todas as persoas adscritas son electoras e elixíbeis para
24 os cargos internos e teñen a obriga de aceptar as decisións que se adopten democraticamente
25

26 c) estrutura territorial baseada en agrupacións comarcas, adaptada á realidade do número de
27 persoas adscritas en cada territorio
28

29 d) estrutura sectorial baseada en grupos de traballo sectorial, cunha especial ollada á
30 mocidade e á emigración
31

32 e) direccións colexiadas, elixidas directamente en procesos asemblearias formais, con
33 sistemas de toma de decisións por maioría das/dos seus integrantes e a incorporación da paridade de
34 xénero
35 f) escolla das persoas que exerzan cargos unipersonais de cada nivel pola dirección
36 correspondente e revogación polo mesmo procedemento
37

38 g) liberdade de expresión para as persoas adscritas e dereito a ser escoitadas polas direccións
39 correspondentes.
40

41 CAPÍTULO III: DAS E DOS MEMBROS
42

43 1.- Poderá ser membro de ABRENTE calquera persoa militante do BNG que, aceitando os criterios
44 organizativos e os principios do mesmo, solicite o seu ingreso.
45

46 2.- A solicitude de ingreso dirixirase á Agrupación territorial de ABRENTE que tomará a decisión
47 de aceptación ou rexeitamento xustificado da solicitude de alta que será confirmada pola Diección
48 Nacional.
49

50 3.- Son dereitos das e dos membros:
51

52 a) Participar activa e libremente na definición da liña política de ABRENTE.
53

54 b) Elixir e ser elixida ou elixido para calquera cargo.
55

56 c) Recibir todo tipo de formación e información política xerada polo colectivo.
57

58 d) Exercer o control político sobre a dirección de ABRENTE, mantendo sempre o máximo
59 respecto ás persoas e a suxeición ás canles regulamentariamente establecidas.
60

61 4.- Considéranse como deberes dos membros respectar os criterios organizativos e os principios
62 políticos e programáticos de ABRENTE.
63

53
54 5.- A perda da condición de membro de ABRENTE poderase producir por decisión voluntaria da/do
55 propio membro ou por decisión da Dirección nacional, previo informe do responsable comarcal e
56 unha vez escoitada a persoa afectada.

57
58 CAPÍTULO IV: DA ORGANIZACIÓN NACIONAL
59

60 1.- A ORGANIZACIÓN NACIONAL de ABRENTE estrutúrase con base na Conferencia Nacional,
61 Dirección Nacional e a Secretaría executiva.

62 2.- A CONFERENCIA NACIONAL é o máximo órgano de decisión de ABRENTE e está composta
63 por todas e todos os membros da mesma:

- 64 a) A Conferencia Nacional terá como atribucións a definición ou modificación dos
65 principios políticos e programáticos e dos criterios organizativos, a fixación da liña política e
66 a elección dos cargos nacionais. Asemade a Conferencia Nacional definirá e modificará o
67 mapa de agrupacións comarcais cos criterios de mellor funcionamento de ABRENTE.
- 68 b) A Conferencia Nacional reunirase dun xeito ordinario cada ano mediante convocatoria,
69 con dous meses de antelación, feita pola Dirección Nacional, quen deberá presentar á mesma
70 un informe da súa xestión. De xeito extraordinario pódese convocar por 1/3 das Agrupacións
71 Territoriais.
- 72 c) A Conferencia Nacional aprobará un documento político de liñas de actuación, e as
73 modificacións organizativas ou territoriais consecuencia destas resolucións
- 74 d) A Conferencia Nacional escollerá á Dirección Nacional conformada por 11 persoas,
75 resultado do reparto proporcional dos votos entre as listas pechadas que se presenten a este
76 proceso. Ratificará asemade á persoa que a Dirección entrante propoña para ostentar a
77 Secretaría executiva.

78 3.- A DIRECCIÓN NACIONAL constitúe o máximo órgano entre a celebración das Conferencias
79 Nacionais:

- 80 a) A Dirección nacional estará formada polas 11 persoas escollidas na Conferencia Nacional
81 á que se poderán sumar persoas procedentes da estrutura territorial ou sectorial en función
82 das necesidades do debate ou a toma de decisións.
- 83 b) Deberá contar como mínimo coas seguintes responsabilidades: Organización e Finanzas,
84 Imaxe e Comunicación, Política Municipal, Iniciativas Políticas, Igualdade e Mocidade.
- 85 c) Serán competencias da Dirección Nacional a aplicación e concreción das liñas políticas
86 xerais definidas pola Conferencia Nacional, definición de alternativas políticas concretas, a
87 fixación do réxime de cotización, se o houbese, coordinación e a dinamización da
88 organización. As súas deliberacións serán reservadas, levantándose acta dos acordos
89 tomados.
- 90 d) A Dirección Nacional, é a conexión de ABRENTE na súa condición de colectivo dentro
91 do BNG cos outros colectivos e a dirección do BNG.

92 6.- A SECRETARIA EXECUTIVA será desempeñada pola persoa proposta pola Dirección Nacional
93 e referendada pola Conferencia Nacional:

- 94 a) A/O Secretaria/o Executiva/o ostenta a máxima responsabilidade e representatividade de
95 ABRENTE en todos os ámbitos. Responderá do traballo da Dirección Nacional e presidirá
96 os actos de carácter nacional de ABRENTE, tanto públicos como internos.
- 97 b) A/O Secretaria/o Executiva/o é a única voz oficial de ABRENTE, salvo delegación
98 excepcional da Dirección Nacional.
- 99 c) De producirse, a súa vacante será cuberta até a celebración da Conferencia, pola persoa
100 que escolle a Dirección Nacional.

105 CAPÍTULO V: ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

106
107 1.- A estrutura territorial de ABRENTE confórmase polas Agrupacións Territoriais e as/os
108 Responsables Territoriais.

109
110 2.- AS AGRUPACIÓNIS TERRITORIAIS son o espazo de traballo interno básico no territorio, onde
111 se definen e executan as políticas concretas de ABRENTE no seo do BNG:

112 a) As Agrupacións territoriais están formadas polas persoas adscritas a ABRENTE no
113 referido territorio, tomando como base comarcal/local a determinada en cada momento pola
114 Conferencia Nacional.

115 b) Para se constituir unha Agrupación Comarcal/local será necesario que existan, como
116 mínimo, 25 membros adscritos a ABRENTE. De non existir este mínimo procederase a
117 fusionar comarcas/localidades limítrofes co obxecto de facer operativo o funcionamento do
118 grupo a proposta da Dirección Nacional e coa aprobación por maioría de 3/5 da asemblea
119 formada pola militancia das localidades atinxidas.

120 c) A Agrupación Comarcal/local escollerá en Asemblea á/ao Secretaria/o comarcal/local

121
122 4.- SECRETARIA TERRITORIAL será desempeñada pola persoa escollida pola Agrupación
123 Comarcal/local:

124 a) A/O Secretaria/o territorial ostenta a responsabilidade e representatividade de ABRENTE
125 na comarca.

126 b) A/O Secretaria/o territorial pode incorporarse ás deliberacións da Dirección Nacional para
127 conectar os ámbitos nacional e comarcal de toma de decisións.

128 c) A/O Secretaria/o territorial encargase das relacións de ABRENTE con outros colectivos e
129 a propia dirección comarcal do BNG. Actuará por delegación como representante de
130 ABRENTE nos actos de carácter comarcal.

131
132 CAPÍTULO VI: ORGANIZACIÓN SECTORIAL

133
134 1.- ABRENTE promoverá o traballo sectorial co obxectivo de adecuar as alternativas do colectivo á
135 realidade da sociedade galega e de facer máis útil a nosa actuación dentro do BNG, cunha estrutura
136 que favoreza o acceso da militancia á información, á formación e á participación na toma de
137 decisións. Para o que se constituirán GRUPOS DE TRABALLO SECTORIAL.

138
139 2.- Para se constituir un GRUPO DE TRABALLO SECTORIAL será necesario que existan, como
140 mínimo, 10 membros adscritos ao colectivo que o soliciten. A solicitude deberá estar xustificada e
141 será aprobada pola Dirección Nacional.

142
143 3.- Elixirse unha persoa responsable que pode incorporarse ás deliberacións da Dirección Nacional
144 de ABRENTE.

145
146 CAPITULO VII: DAS MOCIDADES

147
148 1.- As mozas e mozos adscritos a ABRENTE constituirán unha Agrupación xuvenil nos termos que
149 decidan, nun proceso aberto e coherente cos principios políticos e organizativos de ABRENTE, co
150 obxectivo de participar, a través de Galiza Nova e das organizacións actuantes en ámbitos xuvenís,
151 e para impulsar as ideas e liñas políticas de ABRENTE e do BNG entre a mocidade.

152
153 2.- As mozas e mozos adscritos á organización xuvenil de ABRENTE deberán, por tanto ser
154 afiliadas/os de Galiza Nova.

155
156 3.- A persoa nomeada como máxima responsable da Asemblea da organización xuvenil de

157 ABRENTE, poderá incorporarse ás deliberacións da Dirección Nacional

158

159

160 CAPITULO VIII: DAS PERSOAS COLABORADORAS

161

162 1.- Poderán colaborar de xeito estable con ABRENTE, aquelas persoas que non sexan adscritas a
163 ABRENTE, sexan ou non militantes do BNG, simpaticen cos principios e obxectivos de ABRENTE
164 e manifesten o seu desexo de colaborar no marco que establecen estes principios organizativos.

165

166 2.- As persoas colaboradoras terán unha consideración especial como participantes sen dereito a
167 voto nos actos, reunións e Conferencias de ABRENTE.

168

169 CAPITULO IX: DAS FORMULAS DE PARTICIPACIÓN

170

171 1.- ABRENTE procurará utilizar as TIC para promover a participación interna e do público e a
172 divulgar as iniciativas propias así como as que acorde o BNG.

173

174 2.- Nos actos presenciais e como norma xeral, cando se proceda a elixir persoas para ocupar cargos,
175 as votacións serán secretas.

176

177 3.- ABRENTE utilizará e promoverá fórmulas de participación na toma de decisións que permitan
178 incorporar a opinión da cidadanía máis activa, sexa ou non militante.

179

180

181 CAPITULO X: DA MILITANCIA NA EMIGRACIÓN

182

183 1.- ABRENTE procurará unha participación activa das galegas e gallegos emigrantes na elaboración
184 das liñas políticas do colectivo e do propio BNG e a formalización dun status específico de
185 militante que teña en consideración as súas especiais circunstancias, e como obxectivo político
186 promover o retorno.

187

188 2.- A militancia de ABRENTE que non resida no territorio galego poderá escoller entre adscribirse a
189 unha agrupación territorial coa que teña relación xustificada ou formar parte do Grupo ABRENTE
190 EMIGRACIÓN, de estrutura semellante ao dun grupo sectorial, que escollerá unha persoa
191 responsable que poderá incorporarse ás deliberacións da Dirección Nacional.

192

193

194 DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

195

196 1.- Unha vez celebrada a Conferencia Nacional de constitución de ABRENTE, no prazo dun mes,
197 ficarán formados os diferentes órganos que emanen das decisións da mesma e o deseño territorial
198 correspondente á militancia adscrita no proceso de constitución.

199

200 2.- Unha vez constituído, ABRENTE EMIGRACIÓN traballará nunha proposta de organización na
201 emigración que será obxecto de aprobación pola Dirección Nacional e de ratificación na seguinte
202 Conferencia Nacional.

203

204 3.- Unha vez celebrada a Conferencia Nacional, facúltase á Dirección Nacional para as adecuacións
205 necesarias do presente documento coa finalidade da súa legalización.

206

207

208 DISPOSICIÓN FINAIS

- 209 1.- Na asunción do principio de paridade de xénero, todas as listas de proceso internos e as
210 propostas que ABRENTE faga ao BNG de persoas, deberán respectar o principio de paridade de
211 xénero, optando nas listas polo formato denominado 350“cremalleira” por consideralo axustado a
212 este principio.
- 213
- 214 2.- As persoas que en calquera circunstancia , deban ser portavoces de ABRENTE, no esforzo dun
215 mellor uso do galego, incorporarán criterios de linguaxe inclusiva.
- 216
- 217 3.- ABRENTE comprométese a incorporar á mocidade aos procesos de decisión e aos organismos
218 de dirección, para o que se establecerán, de ser preciso, cotas mínimas de participación da mocidade
219 nas listas.